



MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO **ENCOL DA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO GALEGO**

M^a do Carme Martínez Rodiño, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta ao abeiro da lexislación vixente a seguinte MOCIÓN para o seu debate e posterior aprobación, se procede, polo Pleno da Corporación,

EXPÓN

Hai ano e medio o BNG presentaba unha iniciativa sobre a protección da nosa lingua, proposta que defendía, entre outras cousas, un Servizo de Normalización Lingüística e o fomento de cursos formativos de galego. Neste último punto, hai que sinalar a súa importancia pois é evidente como os organismos ou asociacións existentes no concello realizan os seus escritos en castelán, sendo o galego a lingua de uso xeral das persoas que pertencen a isos entes sociais.

Albíscase unha preocupante perda de galego falantes na nosa terra, só temos que escoitar como os pais ensinan aos seus fillos en castelán, relegando ao galego a un idioma testemuñal, isto está a provocar a desaparición paulatina da lingua que representa o principal patrimonio cultural do noso País e o sinal de identificación e diferenciación de Galiza.

Porén, o Estatuto de Autonomía de 1981 confírelle aos poderes públicos a obriga de potenciar o seu uso en todos os ámbitos da vida pública, cultural e informativa e a Lei 3/1983 de Normalización Lingüística establece no seu artigo 25 que “*as Corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras*”.

Por todo isto,

SOLICITA

Que o Pleno da Corporación inste ao Goberno municipal para:

1. Aprobar unha Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Meis.
2. Crear un Servizo de Normalización Lingüística (SNL) co obxectivo de impulsar a normalización da nosa lingua galega.

No Mosteiro, Meis, a 5 de Maio do 2006

Asdo: M^a do Carme Martínez Rodiño
Portavoz do G.M. do BNG